



I Congreso Internacional de
Educación Ambiental
dos Países Lusófonos e Galicia
24-27 setembro 2007 Santiago de Compostela

Documento de conclusiones

Formulación

Obxectivos

Avaliación

Participantes

Publicacións

Conclusiones

Xuventude

Puntos focais




Promotores principais



Organizan





Galicia foi e é orixe, lugar de tránsito e final de camiños históricos, receptáculo de ideas e de xentes. Aquí comezou a súa andaina a lingua portuguesa, xermolada en forma de galego-portugués na Idade Media, da cal tamén floreceu o idioma galego. Por eso ten sentido que este vello territorio, e a súa cidade máis simbólica, Santiago de Compostela, acolla o I Congreso Ambiental dos países lusófonos.

Galicia xa celebrou con anterioridade eventos destinados a reflexionar e debater sobre a Educación Ambiental e as ameazas de crise socio-ambiental, como o Congreso Internacional sobre Estratexias e Prácticas de Educación Ambiental celebrado no ano 1996, ou a Reunión Internacional de Expertos en Educación Ambiental, convocada pola UNESCO. Mais o evento que agora nos reúne ten un carácter especial porque, máis aló do denominador común que acolle a todo o movemento da Educación Ambiental, existen esta vez fortes vínculos lingüísticos e culturais que lle dan un matiz especial a este encontro.

A través do intercambio de experiencias, da aprendizaxe mútua, da cooperación na resolución de problemas ambientais e pedagóxicos, propoñémonos afondar nos sinais de identidade comúns, construír e tramar novas redes que contribúan a consolidar unha comunidade lusófona de educadores e educadoras ambientais, capaz de contribuír, desde a súa propia identidade, un mundo ambientalmente sustentábel, socialmente equitativo e culturalmente diverso.

É un camiño cheo de retos e de esperanzas no que se pretende que os países e as comunidades lusófonas exploren e compartan vías de resposta educativas á crise socio-ambiental. Trátase, ao fin e ao cabo, de poñer a nosa intelixencia colectiva, o noso capital cultural e os nosos sentimentos ao servizo do inxente labor de restablecer os elos que nos unen ao ambiente natural e a outros seres humanos.

Formulación

Descrición

Este Congreso foi un acontecemento histórico pois, por primeira vez, profesionais, investigadores e autoridades da Educación Ambiental de todos os países do ámbito cultural e lingüístico lusófono tiveron a oportunidade de reunirse para debater a contribución da educación na construción de valores, bases culturais e políticas que sirvan á promoción de sociedades sustentables.

O Congreso afondou na contribución da Educación Ambiental como elemento de loita fronte aos principais retos ambientais actuais, centrados na Conservación da Biodiversidade, o Cambio Climático, e na loita contra a crise ambiental desde a óptica da Sustentabilidade Socioambiental e a instrumentalización da Cooperación Internacional para este fin.

Antecedentes, contexto, xustificación e continuidade

No contorno lusófono da Educación Ambiental nunca antes se celebrara un evento de tipo congresual. Nembargantes, houbo un I Simposio dentro do V Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental (EA), celebrado en Joinville, Brasil, en abril de 2006. Ademais, dentro das declaracións plenarias finais deste V congreso iberoamericano de EA explicitábase

a necesidade de expandir a iniciativa de articulación e cooperación internacional para os países de lingua portuguesa no ámbito da Educación Ambiental, propoñéndose a Galicia, por iniciativa do goberno de Brasil, para a celebración do evento que nos ocupa.

Algo moi importante é que este Congreso terá continuidade, pois establece unha canle de comunicación e relación permanente entre autoridades e organizacións da sociedade civil implicadas na educación ambiental en todos os países lusófonos. No plenario final, a representante do goberno da República de Cabo Verde asumiu a candidatura para o vindeiro encontro, no 2009, para o que xa recibiu durante o acto de clausura os compromisos de apoio, para a organización deste segundo Congreso, dos representantes da Xunta de Galicia, o goberno da República do Brasil, da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e do propio CEIDA, Centro de Extension Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.



Obxectivos do congreso

Obxectivo Xeral

- Debater a contribución da educación ambiental na construción de valores, bases culturais e bases políticas que sirvan á promoción de sociedades sostibles, especificamente centrándose no contexto cultural e político correspondente cos países lusófonos.

Obxectivos Específicos

- Debater e fomentar no campo da Educación Ambiental a formulación de propostas de cooperación nos temas de Cambio Climático, Biodiversidade e Sustentabilidade Socioambiental.
- Fortalecer e estabilizar redes para a acción e a cooperación no ámbito da Educación Ambiental no

espazo lusófono-galego, promovendo o intercambio científico, cultural e de experiencias entre os participantes, así como a construción e identificación dun espazo permanente de debate lusófono-galego en Educación Ambiental.

- Proporcionar aos educadores e educadoras ambientais un afondamento do diálogo con persoeiros e intelectuais, co fin de fortalecer o pensamento crítico na busca de alternativas para a Sustentabilidade Socioambiental.
- Contribuír á sensibilización social cara á cooperación e a promoción dunha cultura da tolerancia fronte á diversidade racial e cultural.



Avaliación

Dun modo cualitativo xa se pode afirmar que o grao de cumprimento dos obxectivos foi bo, pois durante o Congreso forxáronse importantes vínculos e interconexións que permitiron establecer ou reforzar lazos de cooperación.

A celebración do encontro foi un fito histórico, pois é a primeira vez na Historia que representantes da sociedade civil e gobernos de todos os países lusófonos logran reunirse para abordar o tema da Educación Ambiental.

Diversos departamentos do goberno galego identificaron contrapartes e efectuaron os primeiros contactos con distintas autoridades de Cabo Verde para o futuro desenvolvemento de iniciativas de cooperación internacional con medidas de formación e capacitación técnica para a industria turística e o desenvolvemento da ordenación de espazos protexidos en Cabo Verde e San Tomé e Príncipe.

Membros dos gobernos dos países integrados na CPLP – Comunidade de Países de Lingua Portuguesa – desenvolveron durante o encontro

algunhas medidas do seu Programa Internacional de Educación Ambiental que comezará proximamente. De igual xeito, o evento serviu para fortalecer a Rede Lusófona de Educación Ambiental e a expansión da asociación internacional de investigadores en Educación Ambiental “NEREA-Investiga”.

O alto número de participantes e traballos presentados significou a creación dun importante marco de intercambio e progreso do coñecemento en Educación Ambiental para os educadores ambientais participantes e para as institucións públicas e académicas con competencias na materia.

A proxección mediática en Galicia foi ampla, cun importante impacto nos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) co que a transcendencia pública do Congreso e os obxectivos da educación ambiental para a cooperación que nel se traballaban foi importante. Igualmente medios acreditados doutros países cubriron o evento e divulgaron o seu desenvolvemento e resultados nos seus respectivos territorios.




Gráfico avaliacións

Participantes

O congreso reuniu a **379** participantes dos distintos sectores sociais implicados na Educación Ambiental: autoridades ambientais e educativas, educadores e educadoras

ambientais, persoeiros do mundo da cultura e das artes, científicos, líderes sociais e membros de movementos asociativos dos seguintes países:

	Angola.....	9		Portugal.....	72
	Brasil.....	105		San Tomé e Príncipe..	4
	Cabo Verde	10		Timor Oriental	2
	Guinea Bissau.....	7		Galicia	146
	Mozambique.....	8		Resto de España	16

Publicacións

O momento congresual supón un espazo óptimo para transmitir e divulgar iniciativas reproducibles noutros contornos ou situacións específicas, proxectos que buscan contraparte, novos coñecementos científicos, identificación de tendencias; avances tecnolóxicos, próximos eventos, novas publicacións, etc.

Para facilitar aos e ás participantes a comunicación destes coñecementos puxéronse á súa disposición dúas tipoloxías de transmisión de información:

Comunicación: textos desenvolvidos e detallados, coa posibilidade da inserción de información gráfica. Permiten ser incorporados como material base para o desenvolvemento da actividade das Áreas

de Traballo e foron recollidas nun CDrom de publicacións e na páxina web do Congreso.

Póster: contidos con información máis esquemática e estruturada. Colocados no espazo físico do Congreso durante toda a duración do mesmo e tamén recollidos no CDrom de publicacións.

CDrom de publicacións: entregouse a todas as persoas asistentes ao Congreso, no momento no que recollían a documentación e se acreditaban. Dito CDrom é considerado a tódolos efectos como unha publicación, cos seguintes datos:

Depósito Legal: C 2922-2007

ISBN-13:978-84-690-7996-6

En total presentáronse os seguintes traballos para cada unha das áreas temáticas do Congreso:



Áreas de Traballo	Comunicación	Póster
EA e Conservación da Biodiversidade	14	15
EA e Cambio Climático	9	0
EA e Cooperación	4	2
EA e Ecofeminismo	1	0
EA e Turismo	10	5
EA e Universidade	12	5
EA e Axenda 21	9	5
EA no Sistema Educativo	28	10
EA Non Formal	31	16
Asociacións e Redes de EA	7	3
Totais	125	61

Repercusión pública

Un xeito de medir o impacto da transcendencia sobre a opinión pública do Congreso é sopesar a súa

repercusión nos distintos medios de comunicación. A seguinte análise móstranos o impacto acadado.

Prensa Escrita			
Medio	Novas publicadas	Datas publicación	Total módulos*
"La Voz de Galicia"	11 novas	27 de maio, 17, 18, 19, 23, 24, 25, 26 e 28 de setembro, 13 de novembro	251
"El Correo Gallego"	4 novas	13, 25 e 26 de setembro	132
"Galicia Hoxe"	5 novas	13, 24, 25, 26 de setembro	106
"El Progreso"	1 nova	17 de setembro	36
"Infoxove"	3 novas	dúas en agosto e outra en novembro	36
Total	24	Total	561



*Módulo: Unha páxina de xornal divídese en cincuenta módulos, cinco columnas por dez filas. Polo tanto, os módulos miden o espazo de extensión dunha noticia nunha páxina, cantos máis módulos ocupe, maior relevancia terá a mesma.

Dixitais			
Medio	Novas publicadas	Datas publicación	Total módulos
www.cxg.org	1 nova	25 de outubro	30 módulos
www.vieiros.com	1 nova	25 de outubro	50 módulos
www.gznacion.com	2 novas	17 de setembro, 26 de outubro	75 módulos
www.amigosdaterra.net	1 nova	25 de setembro	25 módulos
www.siam-cma.org	1 nova	25 de outubro	40 módulos
www.galiciadigital.com	1 nova	25 de outubro	40 módulos
www.usc.es	2 novas	días 25 e o 26 de outubro	100 módulos
www.ambientum.com	1 nova	25 de outubro	50 módulos
Total.....			410 módulos

Medios acreditados

O evento tamén estivo cuberto polos representantes dalgúns medios estranxeiros, sobre todo radiofónicos, e chegados desde

países como Portugal e Cabo Verde, que retransmitiron as conclusións das ponencias e exposicións diarias aos seus estados de orixe.

Medios radiofónicos e televisivos			
Data	Evento	Medio	Hora
Mércores 19 de setembro	Entrevista a Carlos Vales (presidente do Comité Organizador do Congreso e director do CEIDA)	Voces de Galicia (Radio Voz)	13:05 h.
Luns 24 de setembro	Entrevista a Carlos Vales (presidente do Comité Organizador do Congreso e director do CEIDA)	Radio Galega	07:50 h.
	Entrevista a Xulio López (secretario do Comité Organizador do congreso)	Punto Radio	13.30 h.
	Cobertura da Roda da Xuventude	TVG, Local Santiago	
Martes 25 de setembro	Entrevista a Aidil Borges (docente e investigadora do Instituto Superior de Educación de Cabo Verde), Marcos Sorrentino (director xeral de Educación Ambiental do Ministerio do Medio Ambiente de Brasil) e Carlos Vales (presidente do Comité Organizador do Congreso e director do CEIDA)	Radio Voz Santiago	10:40 h.
Mércores 26 de setembro	Entrevista a Marcos Sorrentino (director xeral de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente de Brasil)	Voces de Galicia	13.15 h.
Xoves 27 de setembro	Entrevista a Carlos Vales (presidente do Comité Organizador do Congreso e director do CEIDA)	www.ea.net	09:00 h.
	Entrevista a Lucía Iglesias (vicepresidenta do Comité Organizador do congreso e Presidenta da Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA))	Aparición no programa de Voz Natura	domingo 30 de setembro
	Entrevista a Carlos Vales (presidente do Comité Organizador do Congreso e director do CEIDA)	Galicia Ambiental TV, do grupo Correo Gallego	12.30 h.



Conclusións

**Produto da
comunicación
de experiencias,
investigacións e
iniciativas que foron
presentadas e os
debates no seo das
áreas de traballo
xurde o documento de
conclusións para cada
unha das temáticas do
Congreso**



Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Biodiversidade



Dimensións da Educación Ambiental que deben ser consideradas nos traballos para a conservación da biodiversidade:

- A Educación Ambiental como proceso educativo debe ser continuado, contextualizado e participativo envolvendo e respectando ás poboacións e os saberes locais máis alá da diversidade e pluralidade cultural.
- Que a Educación Ambiental non sexa prohibitiva e que acabe por afastar ás persoas da causa ambiental.
- Que a Educación Ambiental promova cambios de actitudes sentidos interiormente por cada persoa ou polos grupos sociais.
- Que a Educación Ambiental capacite e emancipe aos cidadáns, cua-

lificándooos para a intervención política e crítica en busca da mellora da calidade de vida humana e do mantemento dos equilibrios dos ecosistemas...

- A Educación Ambiental traballando valores humanos como respecto ao próximo, ás distintas especies, consumo responsable, xustiza social, altruísmo.
- A Educación Ambiental integrada no sistema educativo como prioridade e medio para a formación do individuo.
- A Educación Ambiental comprendida e articulada entre os distintos grupos – universidades, poderes políticos, escolas, sociedade civil – para o efectivo enfrontamento da problemática ambiental.
- A Educación Ambiental establecendo pautas, divulgando e buscando a implementación da lexislación ambiental e a súa mellora conforme ás demandas.
- A Educación Ambiental como elemento esencial para a conservación das especies de flora, fauna e xeodiversidade.
- A Educación Ambiental como instrumento de xestión ambiental para construír escenarios de aprendizaxe participativa e cooperativa, encamiñando a resolución de problemas ambientais e traballando cos sectores sociais que afectan á biodiversidade.



Preguntas: Directrices políticas

¿Que desafíos ou proxectos de EA para a conservación da biodiversidade enfrontan en cada país? (Sinalizar directrices políticas /solucións / camiños para a resolución dos problemas)

- Crear unha liña de financiamento para proxectos de Educación Ambiental para a conservación da biodiversidade no ámbito dos países da CPLP (Comunidade de Países de

Lingua Portuguesa) procurando a captación de fondos de diferentes empresas privadas e demais fontes de financiamento.

- Definir obxectivos e indicadores para avaliar a efectividade dos proxectos implementados no ámbito da CPLP, dando visibilidade aos resultados.
- Promover o consumo responsable, na busca da conservación socio-ambiental.
- Como integrar e fortalecer as accións de EA para a conservación da biodiversidade no ámbito da CPLP?
- Encontros presenciais e virtuais?
- Medios/formas de comunicación? virtuais (blogs, páxinas web, boletíns electrónicos), impresos (boletíns, xornais, revistas, salas verdes).
- Acordos de cooperación?
- Visitas técnicas entre países?

Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Cambio Climático

Sistematización dos comentarios:

- Existen diferentes percepcións da ameaza do Cambio Climático; para os participantes o Cambio Climático é unha realidade que precisa ser asumida pola poboación.
- Existen grandes diferencias no acceso ás informacións sobre os riscos, solucións, etc., porque existen diferentes fontes que difunden o Cambio Climático con profundidade e fiabilidade diferentes.

- Os participantes recoñecen a complexidade, a "novidade" e o potencial interdisciplinar do tema, sendo actualmente un dos principais temas das discusións internacionais. De igual forma, faise evidente a presenza tímida do mesmo nas axendas do goberno, opinión das poboacións, etc..
- Os participantes recoñecen a complexidade científica do tema que dificulta a difusión da información. De aí a importancia do establecemento de enlaces coa realidade



cotiá para facilitar a comprensión do tema e das súas repercusións.

- Os participantes recoñecen que percibir o risco non significa necesariamente actuar; sendo importante buscar, responder e cambiar entre os educadores as seguintes preguntas:
- Que tipo de coñecemento leva a acción? Como transformar coñecemento en acción?
- As especificidades locais dos impactos causados polo Cambio Climático están directamente relacionadas a diferentes percepcións.
- Alértase doutros impactos que están ocorrendo pola forma na que se difunde o Cambio Climático: por exemplo, a depresión dos nenos causada polo alarmismo e catástrofismo.
- A falta de preparación dos educadores fronte ás situacións nas que

o Cambio Climático provoca efectos positivos (moitas veces percibidos pola poboación).

É preciso ...

- “Materializar” a problemática en políticas públicas.
- Adaptar o noso modo de vida a través de eleccións cotiás coherentes.
- Destacar a importancia de resaltar os coñecementos e comportamentos non científicos xa existentes e que son coherentes ecolóxicamente. De aí a importancia dos grupos mixtos para promover a pluralidade de solucións e considerar os límites do planeta.
- Inferir na idea de EA discusións sobre as causas de fondo do Cambio Climático e sobre as posibles solucións. O grupo entende que o Cambio Climático é parte dun proceso natural agravado polo modelo de desenvolvemento (produción, político, cultural e económico). Sendo así, é importante propoñer cambios e discutir os erros propios deste modelo a través da práctica da interdisciplinaridade (política, ciencia e cidadanía) e da divulgación doutro modelo de economía que internalice os custos ecolóxicos (economía ecolóxica).
- Promover unha relación favorable entre o desenvolvemento e o medio ambiente;
- Ter unha visión crítica da ciencia e da educación;
- Discutir os límites da solución monetaria do Protocolo de Quioto;
- Levar en consideración a importancia da participación e responsabilidade do sector privado como parceiro.
- Evitar e estar atentos ás posibles distorsións das informacións.

Directrices

En liñas xerais suxestíronse:

- Incorporar a cuestión do Cambio Climático nas axendas de Educación Ambiental do mundo lusófono.





- Recomendar aos representantes dos países aquí presentes que animen ás súas respectivas administracións a construír e implementar un novo plano de traballo para o desenvolvemento do artigo 6 da Convenio Marco das Nacións Unidas para o Cambio Climático (UNFCCC), na Conferencia das Partes (COP) de Bali.
- Que os países lusófonos busquen fortalecer, organizar e crear sistemas e estruturas descentralizadas que traballen coa EA e Cambio Climático como o seminario permanente sobre EA e Cambio Climático do CENEAM.
- Recoñecer que non existe unha alternativa única para abordar o Cambio Climático, sen embargo todas deben respectar os límites naturais do planeta.
- Incluír as nocións dos límites, unha vez recoñecidos, nas estratexias de EA.

Para o desenvolvemento de investigación sobre o tema esta Área de Traballo propón:

- Fomentar o coñecemento das representacións sociais do Cambio Climático noutros países, rexións non occidentais (estudos culturais); enfatizando cales son as experiencias e cales son as re-

presentacións que fundamentan as mesmas, e os seus límites.

- Crear unha plataforma permanente a través dos puntos focais para establecer unha rede de traballo en EA e Cambio Climático dentro dos países lusófonos.
- Crear unha base de datos contendo informacións e experiencias relacionadas co tema. Esta tería como obxectivos: difundir e divulgar os resultados das investigacións para priorizar as prácticas pedagóxicas, e que as prácticas pedagóxicas poidan servir como fundamentos para as investigacións.

Ao formular as propostas de EA recomendamos:

- Reforzar o tratamento dos aspectos sociais do Cambio Climático como os efectos sobre a saúde, traballo, alimentación, perda dos recursos naturais básicos, migracións e transformacións na dinámica (social, económica, política, ecolóxica, cultural) local.
- Facer visibles as relacións que existen entre as causas do Cambio Climático e as actividades e comportamentos cotiás para estimular a responsabilidade social, e fomentar a busca de alternativas.
- Valorizar a utilización de indicadores (métodos pedagóxicos) como a pegada ecolóxica.

.....
Mesa
inaugural

Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Cooperación



Entendemos a interacción da EA e a Cooperación no senso en que:

- A dirección da EA debe ir no sentido da cidadanía responsable, no ámbito individual e colectivo actuando na sensibilización permanente da poboación como un todo sen deixar de lado ao resto dos factores que inflúen na situación que vive cada país, cunha concepción integral dos proxectos de cooperación, integrando a temática ambiental, social e económica.
- A EA na cooperación pode incidir no paradoxo riqueza vs. pobreza, afectando aos recursos naturais e o de consumo destes nos países ricos.
- A EA pode ser unha ferramenta na que a través do respecto mutuo e o compartir se poida conseguir unha transformación real nas zonas onde as condicións de desenvolvemento son aínda precarias.
- Entendemos a EA na Cooperación como un acto de solidariedade e aprendizaxe mutua, o que implica o respecto polo planeta pero tamén polas persoas.

Logros na EA e a Cooperación:

- O feito de que xa se considere o medio ambiente e o impacto neste dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento é un logro, pois supón un primeiro paso para que a cuestión ambiental non fiquese fora do desenvolvemento económico e social, sendo xa valoradas as boas prácticas neste eido.
- As accións de cooperación teñen conseguido a dinamización das capacidades locais en temas de EA, a capacitación e a promoción do papel individual dentro de cada comunidade con especial atención aos grupos en estado de desigualdade como as mulleres, nenos/as, etc.

Pódense xa constatar éxitos en proxectos a pequena escala, e o intercambio deste tipo de experiencias é xa unha realidade que fortalece as estratexias da EA na Cooperación.

Problemas e retos

Coidamos que actualmente a EA na Cooperación ten trabas polo propio enfoque que ten en moitos casos



a propia cooperación, que pode caer no paternalismo e en moitos casos ser instrumento de estratexias políticas carentes de valores éticos e morais de solidariedade pura.

Un dos grandes problemas da cooperación e da inclusión da EA na mesma é que ésta non ven sendo demandada ou asesorada por todos os actores participantes, especialmente os beneficiarios da mesma, caendo nun espazo de inutilidade e frustración.

Así mesmo, a carencia de métodos e accións de avaliación de resultados trae consigo que realmente non se poda aprender de accións pasadas e da efectividade das mesmas.

Outro equívoco apuntado é o do unidireccionamento usual da EA, á inversa de traballos en EA xunto a xestores, persoas con poder decisión, medios de comunicación, adultos, mocidade, etc. e a excesiva confianza de que por ela soa pode solucionar todos os problemas.

Apuntouse, polo tanto, a necesidade de aprender cos "erros" das cooperaciónns xa desenvolvidas, evitando accións asistencialistas e que conlevan a que moitas veces os proxectos terminan no momento en que a cooperación finaliza, debido á falta de humildade no establecemento das cooperaciónns e á falta de visión integral dun determinado problema.

É por elo, que cremos que como **retos** na EA na cooperación existen:

- O uso da EA na Cooperación como unha acción política.
- Facendo un uso da EA dun xeito transversal na cooperación, servindo como ferramenta integradora dos diferentes aspectos sociais, culturais e económicos que rexen a situación dunha zona e que suporán unha cooperación real e realista que permita a continuidade do desenvolvemento tras a cooperación.
- A revalorización do patrimonio humano nas accións de cooperación e



EA considerando así o contexto socioambiental da EA.

- A participación de todos os actores involucrados, especialmente os beneficiarios da cooperación en todas as fases da mesma: identificación, desenvolvemento e avaliación, facendo un especial fincapé na diagnose e deseño de proxectos onde o beneficiario debe ser o protagonista e principal xestor do mesmo, respectando deste xeito a súa identidade a todos os niveis.
- A Cooperación debe ser baseada en valores solidarios e de igualdade.
- A EA debe ser utilizada como unha ferramenta de toma de conciencia das problemáticas que nos rodean conseguindo así a implicación da poboación na identificación de problemas e a resolución dos mesmos, podéndose deste xeito establecer bases de cooperación para eles, especialmente os que tecen un carácter global e común a outras zonas.
- A EA precisa ser fortalecida como instrumento fundamental na construción de sociedades sustentables, pensada no planeamento das accións de conservación ambiental.

Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Ecofeminismo



Ecofeminismo

Movemento de transformación das prácticas sociais no que as mulleres, como colectivo consciente da dominación e das inxustizas xeradas polo sistema capitalista-patriarcal, aproveitan as súas experiencias vitais e culturais para construír formas alternativas de relación, entre as persoas e destas co medio ambiente social e natural, baseadas no respecto e na xustiza.

Recomendacións

- *Introducir o ecofeminismo como elemento importante dentro do ecoloxismo*
- *Introducir o ecofeminismo nas políticas de medio ambiente*
- *Sensibilización política*

Problemas

- Educación – valores + igualdade + ecoloxía
- Desigualdade entre homes e mulleres
- Confusión terminoloxía ecoloxía/feminismo.
- Implementación das accións
- Disociación entre mulleres e ecoloxismo.

Desafíos

- Educación
- Alfabetización
- Sistematización – acceso aos recursos
- Conseguir que as mulleres do mundo urbano incorporen esta perspectiva
- Lograr maiores niveis de empoderamento das mulleres
- Traballar conxuntamente e de forma coordinada
- Consolidación de alianzas entre países nesta materia



Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Turismo

Temas abordados nas presentacións e a súa discusión:

- Presentación de casos estudados:

1. Rexións (San Tomé e Príncipe, Brasil, Galicia, Azores)
2. Experiencias (proxecto para persoas con discapacidade; abastecemento de auga; creación de "unidades de uso sustentable", en lugar da creación de reservas ou parques nacionais, a pesar de continuar a existir ausencia de regulamentación; teatro)

- Participación e implicación comunitaria

- Ecoturismo; Turismo Ambiental (definición conceptual que requiría outro espazo de discusión)

- Paisaxe: polo de atracción turística (poboación; axentes económicos; natureza)

- Accións de Educación Ambiental
 1. Accións alternativas, creativas e adecuadas ás situacións de incapacidade

2. Diagnoses de percepción sobre a natureza

3. Accións en escolas para nenos/as con necesidades especiais

- Oportunidades (emprego; lecer e ocio para persoas con incapacidade; creación de infraestructuras)

- Tema da auga

- Desenvolvemento das infraestructuras a partir da promoción das accións turísticas (obras viarias, abastecemento de auga). Exemplo -actividades para persoas con incapacidades (xordos e cegos) en contexto de acuario e oceanario (tocar especies como estrelas do mar, lagostas, quenllas)- valorización da autoestima destas persoas para quen as actividades están completamente limitadas

- Identificación das percepcións e das representacións sociais nas comunidades sobre a natureza co reforzo das identidades comunitarias (elementos en común)

- Concepto de (des)envolvemento - sinerxías entre todos os elementos da comunidade (participación e implicación)

- Identidades locais que se reflicten na relación e na identificación entre as comunidades e a natureza



Síntese

A actividade turística impónse a nivel dos modelos de desenvolvemento cos obvios impactos positivos e negativos nos territorios e comunidades a escala global.

Polos seus impactos debe ser desenvolvido de forma sustentable internalizando os seus valores nas comunidades locais e na conservación dos recursos naturais. ► ► ►



O turismo pode e debe ser unha nova forma de enfoque metodolóxico da Educación Ambiental, abrangendo aos seus públicos obxectivos e contribuíndo a unha estratexia de comunicación entre os cidadáns e a natureza.

Conclusións

- O turismo imponse como unha actividade en forte expansión na actual dinámica de desenvolvemento mundial
- Tal como acontece na xeneralidade das actividades humanas, o turismo ten impactos significativos sobre os recursos naturais e as comunidades humanas
- A actividade turística ten múltiples tipoloxías existindo unha grande complexidade na forma en como elas son interpretadas e iso reflíctese na variedade de designacións que van dende o Turismo Ambiental ao Ecoturismo, ao Turismo de Natureza, etc.
- Podemos defender que toda a actividade turística ten a natureza e o ambiente como substrato para o seu desenvolvemento
- O turismo pode ser un instrumento para a Educación Ambiental dada a semellanza nas metodoloxías utilizadas e ten que ser aberto a toda a cidadanía, incluíndo as persoas con discapacidade
- O turismo pode ser unha nova forma de enfoque metodolóxico de Educación Ambiental, coa vantaxe de ter como público obxectivo franxas de idade fora da idade escolar, e por iso máis amplo, e debe chegar a outros actores, nomeadamente os actores de actividade turística
- A Interpretación Ambiental é unha estratexia para a relación entre os turistas e a natureza pois é unha ferramenta chave para a comunicación
- Todo o turismo debe ser sustentable independentemente do seu tipo e clasificación
- A implicación das comunidades locais é esencial nas dinámicas turísticas, entendidas na perspectiva sustentable, internalizando os potenciais máis valiosos na economía e na calidade de vida locais, e tamén na conservación dos seus recursos naturais

Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Universidade



O concepto da Educación Ambiental na Universidade

- A Universidade ten responsabilidades como institución formadora, investigadora e difusora de culturas
- A Educación Ambiental na Universidade está ligada a determinadas áreas do coñecemento (ciencias da educación, ciencias ambientais, etc.) ou de xestión (servicio de xestión de residuos, oficinas verdes, infraestructuras). Isto dá como resultado que os obxectivos

sexan heteroxéneos, dispersos e ás veces contradictorios

Iniciativas

- Creación de Oficinas e Servizos denominados "Verdes" para coordinar a planificación ambiental e as accións ambientais encamiñadas na Responsabilidade Social Corporativa das Universidades.
- Formación Ambiental en xornadas, cursos, materias incluídas en titulacións, en cursos de doutoramento

que aportan Teses de Doutoramento sobre problemáticas

- Bolsas para aportar recursos humanos que colaboren nas campañas temáticas en torno a separación de residuos, eficiencia enerxética, entre outros
- Estudos sobre comportamentos da comunidade universitaria relacionada coa separación de residuos, a mobilidade, etc.
- Campañas para potenciar a reciclaxe, o uso da bicicleta, o uso compartido de coche, etc.
- Certificacións formalizadas (ISO) de centros universitarios, laboratorios e institutos de investigación

Desafíos

- Aproximarse ás realidades para evitar o distanciamento delas, para tomar datos e para potenciar o diálogo en todas as súas facetas
- Avaliar á Universidade e ao conxunto das súas actuacións docentes, investigadoras e de xestión con criterios ambientais que racionalicen os consumos e os impactos socioculturais da Universidade no seu contorno
- Captar ás persoas máis sensibles ás cuestións sociais e ambientais



como son o estudiantado e o persoal de administración e servizos

- Divulgar as boas prácticas das Universidades que teñen experimentado varios modelos de acción educativa e xestora dirixidas a recoñecer a pegada ecolóxica da Universidade ou a desenvolver sistemas máis eficientes nos consumos e na xeración/xestión de residuos
- Vencer as resistencias, ignorancias e inercias da comodidade das Universidades e das súas xentes



Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental e Axendas 21



Relatos da palestra e dos participantes

A Axenda 21 global foi elaborada no Eco-92, (Conferencia Mundial das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, en Río de Janeiro, no 1992) como un plano de traballo para o século XXI. Neste momento histórico, os países presentes se comprometeran a implementar Axendas 21 nacionais, e posteriormente Axendas 21 locais. A Axenda 21 local procura solucións no ámbito local, pois a pesar de que moitos problemas son globais, moitas das solucións son locais. E máis especificamente, os países teñen desenvolvido axendas 21 escolares, implicando a toda a comunidade escolar e á comunidade do entorno da escola.

Os diferentes tipos de Axendas 21 son adaptables a cada territorio, contexto e comunidade involucrada, debe abordar aspectos económicos, sociais, ecolóxicos, e culturais, e ten como principios fundamentais a participación do máximo número de persoas da comunidade, a democracia, a concienciación, e a acción local que debe ter como referencia o ámbito global. Por este motivo, pódese dicir que as Axendas 21 locais e escolares teñen unha maior probabilidade de ser postas en práctica.

2. Diagnose, onde se descobre a situación en que se encontra a comunidade envolvida.
3. Planeamento da Axenda 21, onde se identifican as solucións dos problemas identificados na fase 2.
4. Avaliación da execución do plano. A fase 1 de sensibilización debe ser continua no proceso da Axenda 21, e debe ser reservado un considerable espazo de tempo. A fase de proposta é a máis lenta e difícil, pois todos deben participar e compartir as súas expectativas.

En relación á Axenda 21 escolar, ésta é considerada fundamental para a formación dos alumnos en temas de cidadanía sustentable, a prol da construción de sociedades sustentables.

Os principais problemas apuntados, de xeito xeral, son: a prisa en elaborar as Axendas 21; confundir participación na construción da Axenda 21 coa participación ao final nas actividades; elaboración de Axendas 21 por poucas mans, non tendo lexitimidade perante a comunidade; intercambiar capacidades entre os individuos saíndo do superficial; concentración das informacións do proceso na man do goberno, non acadando a base da comunidade, principal interesada no proceso.



As 4 fases da Axenda 21 son:

1. Sensibilización para a elaboración e implementación da Axenda 21.

Portugal

Avances

- Aumento do número de iniciativas de Axenda 21 local
- Creación do Portal da Axenda 21 desenvolvido pola Universidade Católica

Problemas

- Falta de apoio e incentivo goberamental e institucional para viabilizar as Axendas 21 locais e escolares
- Ausencia de divulgación da Axenda 21 e de incentivar a participación da sociedade civil no proceso
- Ausencia de coñecemento do proceso da Axenda 21 por parte da sociedade civil



- Ausencia de capacidade técnica nos municipios para desenvolver a Axenda 21
- Falta de cultura da participación civil

Galicia

Avances

O programa esta en fase de consolidación polas Consellerías de Educación e Medio Ambiente:

- Desenvolvemento de metodoloxía e materiais pola Consellería de Medio Ambiente para a Axenda 21 Local e Escolar
- Curso de formación de profesores para desenvolver o proceso de Axenda 21 escolar
- Recoñecemento das horas que o profesor traballa no proceso de Axenda 21
- Desenvolvemento dun modelo de Axenda 21 no ámbito rural

Problemas

- Falta de apoio governamental suficiente para as modificacións profundas que precisan ser realizadas

- Falta de formulación das instancias públicas para o proceso da Axenda 21
- Falta de interiorización do espírito da Axenda 21 escolar polos responsables dos centros
- Exceso de burocracia
- Exceso de carga horaria dos profesores que se envolver co proceso de Axenda 21
- Falta de comunicación entre os centros educativos e entre os municipios que desenvolven a Axenda 21 local
- Falta de continuidade dos consellos das Axendas 21 locais e escolares

Brasil

Avances

- A creación da Axenda 21 Nacional en 1997, e posteriormente as Axendas 21 locais.
- Financiamento da Axenda 21 local e escolar pola iniciativa privada, polo Goberno Federal e algúns Gobernos Rexionais, a través de convocatorias de axudas, sendo a

maioría dos beneficiarios ONG locais e colectivos de mozos e mozas no ámbito da Axenda 21 escolar

- Desenvolvemento de metodoloxía da Axenda 21 polo MEC, MMA e Universidades Públicas
- Formación de COM-VIDAS, comisión formada pola comunidade escolar para traballar a Axenda 21 escolar
- Creación do Forum de Axenda 21 rexional, como unha referencia para traballar as Axendas 21 locais -espazo para a discusión e intercambio de experiencias-

Problemas

- Falta de divulgación, o que implica unha baixa participación da poboación
- Aplicación de diferentes metodoloxías da Axenda 21 nun mesmo enclave
- Falta de compromiso do poder público local na continuidade do proceso da Axenda 21, debido a intereses políticos
- Falta de capacitación técnica nos municipios
- Conflictos entre Goberno Federal e Rexional

Angola

Problemas

- Non foi elaborada a Axenda 21 nacional
- A Axenda 21 está sendo discutida moi levemente, polo que para transformarse en accións concretas falta moito

Mozambique

Avances

- Formación dun grupo de puntos focais da Axenda 21

Problemas

- Non foi elaborada a Axenda 21 nacional
- Falta de experiencia no país.
- Falta de recursos financeiros e de recursos humanos para desenvolver o proceso de Axenda 21
- O grupo de puntos focais da Axenda 21 aínda non comezou a traballar efectivamente

Indicacións e recomendacións

- *Incentivar a construción e divulgación de Axendas 21 nacionais, locais e escolares e, polo medio de cooperación internacional, estimular a súa implementación e fortalecemento*
- *Estimular que exista unha institucionalización da Axenda 21 nos gobernos dos diferentes países e estes se comprometan a fomentalas*
- *Os integrantes da área de traballo formaron un foro de discusión e convidan a todos os participantes a integrarse nel, debéndose formar un grupo de facilitadores do foro, composto por un representante de cada país da CPLP*
- *Buscar que os gobernos e os centros educativos recoñezan aos coordinadores dos procesos de Axenda 21 escolar e local*
- *Incentivar a divulgación da Axenda 21 nos sectores máis novos da poboación*
- *Buscar que os gobernos se comprometan coa asignación de recursos financeiros para a implementación das Axendas 21 escolares e locais*
- *Divulgación e sensibilización sobre o proceso da Axenda 21 dentro das instancias gobernamentais*
- *Estimular un maior investimento na capacitación técnica dos municipios para o desenvolvemento das Axendas 21 locais e escolares*

Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental no Sistema Educativo



Definiuse o **ámbito**, entendéndose que a EA no sistema educativo debe procurar que o alumnado:

- Coñeza para comprender a realidade (contidos)
- Desenvolva o espírito crítico (actitudes e procedementos)
- Participe activamente na toma e execución de decisións (comportamentos) para, en último extremo, construír unha cidadanía activa e responsable para o século XXI, en favor dunha sociedade máis xusta e sustentable

A EA debe ser marcadamente humana e solidaria; debe ter unha visión holística, global do ser humano; debe representar un compromiso coa vida, con todas as formas de vida; ten que recorrer á experimentación lóxica, máis tamén aos sentimentos e emocións das persoas, pois inflúen na razón.

Debe terse un modelo de EA asentado en valores, interdisciplinar, crítico, transformador e emancipatorio, que supere o vello modelo de EA conservacionista e ligado en exclusividade ás Ciencias Naturais.

Outros principios que definirían a concepción de EA son: provocadora, comunitaria, democrática, permanente, horizontal, contextualizada e integral.

Metodolóxicamente, a EA debe partir do máis inmediato e contextual e apostar pola autoaprendizaxe, a aprendizaxe, polo descubrimento e a construción do coñecemento.

No que cómpre aos contidos, a EA posibilitará a abordaxe multidimensional de diferentes temáticas e dimensións da realidade presente, pasada e futura.

En canto aos **éxitos** ou beneficios que a EA achega ao sistema educativo, sinalamos:


- As actividades de EA favorecen aprendizaxes máis eficaces e dinamizan a actividade escolar, que se

volve máis experimental, motivadora, desencadeante. Coa Educación Ambiental, os centros melloran en democracia e participación; ademais, potencia a función social e comunitaria da escola

- Os proxectos e prácticas de EA estimulan a interdisciplinariedade, constitúense en accións cooperativas e favorecedoras do traballo pedagóxico en equipo do profesorado, e impulsan a ambientalización dos centros escolares e dos seus documentos curriculares
- A EA permite o coñecemento e a transformación da realidade na que a escola se localiza, na procura da súa sustentabilidade
- A EA permite tamén que docentes e alumnado soñen, traballen e se desenvolvan xuntos na utopía dun mundo mellor. A EA estimula tanto a profesorado como a alumnado, e este último adoita implicarse activamente cando se lle ofrecen oportunidades



- A variedade, orixinalidade e fecundidade dos traballos presentados na área 8 (eco-blogs, proxectos sobre contaminación sonora e polución, investigación a través do estudo de casos, ecoauditoría escolar, conservación de áreas naturais, etc.) denota un espírito inquisitivo e investigador entre o pro-



profesorado de EA, que é unha das súas máis prezadas virtudes ao servizo das escolas

- Na actualidade, a proliferación de linguaxes e do acceso ao coñecemento ambiental, xunto co uso das novas tecnoloxías (Internet), favorecen, amplían e diversifican a actividade educativo-ambiental en particular, e a actividade educativa dos centros en xeral

Como **dificultades** ou problemas relacionados coa presenza da EA no sistema educativo, identificamos os seguintes:

- A dificultade de traballar con parte do profesorado (e familias) dos centros, que poden ter posicionamentos ideolóxicos non concordantes coa EA, ou simplemente adoptar unha postura pasiva, escéptica fronte a ela, ou aínda peor, antagónica
- Ao tempo, evidénciase certa rixidez dos horarios e dos currícula para promover prácticas escolares innovadoras, ao que se engade a sobrecarga de traballo do profesorado
- Existe risco de que o profesorado activo en EA chegue a queimarse ou a quedar illado dentro da comunidade docente do seu centro
- Doutra banda, parte do profesorado aínda manifesta infelizmente unhas representacións sociais en asuntos ambientais baseadas en concepcións superficiais ou moi naturalistas (por exemplo, non percibe como problemas ambientais a pobreza ou a fame) e só busca receitas rápidas para facer EA
- Por iso, aínda hoxe, moitas prácticas de EA na escola non superan o modelo acrítico do obradoiro de macramé (papel reciclado, xoguetes de refugallo, cestería, etc.). Doutra parte, numerosos proxectos escolares de EA na actualidade son patrocinados por empresas (algunhas delas fortemente contaminantes), que posúen uns intereses moi concretos que poden

chegar a coartar a liberdade do profesorado para traballar co seu alumnado certas temáticas, desde unha visión subversiva ante o sistema ou simplemente transformadora: é imprescindible definir claramente as condicións deste tipo de colaboración na escola

- O compromiso, o convencemento, a conciencia do profesorado pola EA, é peza chave no desenvolvemento desta. De aí a necesidade imperiosa de que tanto a formación inicial como a continua do profesorado contemple dunha vez e de xeito ben articulado a temática educativo-ambiental
- A dificultade de operativizar nitidamente a EA nos proxectos curriculares escolares, para superar a dicotomía disciplinabilidade-transversalidade, debate que ten acontecido con máis ou menos presenza pública nos nosos países. Apósta-se maioritariamente por unha EA transversal a toda a actividade do centro, percibimos as vantaxes e inconvintes de ambos modelos, e cremos que é a comunidade educativa de cada escola, en virtude da súa autonomía, a que debера resolver ese dilema para cada situación particular
- Existe unha escasa ou nula presenza de cuestións relacionadas co medio ambiente (crise ambiental, Cambio Climático, etc.), os dereitos ambientais ou a Educación Ambiental, na lexislación educativa, mesmo na máis recente. Isto explica que non sexa difícil atopar contidos manifestamente contrarios á idea de sustentabilidade nos libros de texto escolares
- Escaseza nalgúns centros escolares de recursos específicos e apoio lóxico adecuado para desenvolver en boas condicións iniciativas de EA.

Finalmente, entre os desafíos ou retos inmediatos que ten a EA no sistema educativo, sinálase:

- As prácticas en EA non teñen aínda a visibilidade pública que merece a súa orixinalidade. É preciso incre-

mentar a interacción entre os diferentes axentes implicados, e tecer redes de intercambio de ideas e experiencias entre persoas e entre centros que as poñan de relevo

- Hai que incorporar, pouco a pouco, boas prácticas socioambientais ao funcionamento das escolas: potenciar a dimensión ambiental dentro do cotiá escolar
- Necesitamos construír novos modelos pedagóxicos que nos permitan articular axeitadamente a EA e inserir os dereitos ambientais nas reformas curriculares e nos documentos oficiais dos centros
- Reafirmar novamente a EA que queremos, con base en documentos internacionais como o Tratado polas sociedades sustentables ou a Carta da Terra
- É fundamental considerar as perspectivas e interpretacións dos estudantes no desenvolvemento da EA nas escolas: empoderamento da mocidade no centro educativo no seu conxunto, e na EA en particular. O alumnado debe recoñecerse como parte dun todo no medio
- A necesidade, o reto de traballar para que finalmente o noso alumnado chegue a ser transformador da realidade, e traslade o traballo na escola á súa vida extraes-



colar, sendo foco de difusión dos valores ambientais. Temos que formar persoas responsables e comprometidas que dispoñan unha actitude crítica e se impliquen activamente no enfrontamento das problemáticas locais

- É un desafío que as comunidades se integren e participen nos proxectos de EA para que estes teñan verdadeira transcendencia e aplicabilidade na vida real: fortalecer procesos participativos

Para rematar, propónse á organización do futuro II Congreso de EA dos Países Lusófonos e Galicia a ampliación dos tempos previstos para o debate no seo dos grupos de traballo.

Conclusións da Área de Traballo

Educación Ambiental Non Formal

Dimensións da Educación Ambiental Non Formal

- Que se faga máis alá do sistema formal, é dicir, non excluír necesariamente a escola, pero estar máis alá dela. Pode ser complemento do currículo escolar, pero non obrigatorio

- No contexto do sistema formal, configúrase como actividades extracurriculares
- O público con quen son feitos os procesos de formación en Educación Ambiental é diverso e voluntario, é dicir, opta por participar





- É un proceso permanente, incluído en outras accións diversas (lecer, cultural, etc.) pero con finalidade educativa
- Pode ser un instrumento de xestión ambiental

Por ser moi amplo, resaltouse que é importante explicitar que criterios ou dimensións están sendo considerados para definir unha acción de Educación Ambiental como non formal. Outra cuestión a ser considerada é que, cando sexa recoñecida polo sistema educativo, pasa a ser formal.

Avances e puntos positivos destacados a partir dos traballos e experiencias presentadas

- A existencia de produción de coñecemento e ganancia de competencias. A partir diso, os procesos son un catalizador de estímulos para desenvolver outras accións. Xerouse potencia de acción
- A construción de saberes colectivos a partir da diversidade de experiencias, sentimentos, coñecementos de cada actor e a retomada de prácticas culturais antigas permitirán a solución ou enfrontamento para problemas socioambientais e unha aproximación á realidade local
- Foi posible envolver moitas veces á totalidade dos grupos sociais e construíuse unha participación real das persoas, é dicir, os proce-

sos de Educación Ambiental foron realizados "coas" persoas e non "para" elas. Promover un diálogo entre xeracións e a percepción de que calquera persoa pode ser unha educadora ou un educador ambiental

- Diversas institucións que traballan nunha determinada rexión ou localidade conseguirán integrar e potencializar as súas accións por medio de contrapartes e cooperación
- A información foi importante para a sensibilización das persoas envolvidas nos procesos de Educación Ambiental
- Conseguiuse ampliar o papel dalgunhas institucións, como a realización de programas e proxectos específicos de Educación Ambiental pola Policía, destacando a posibilidade da dimensión educadora dos órganos policiais protectores do medio ambiente
- Desenvolveuse unha concienciación progresiva dos valores ambientais e culturais e un sentimento de pertenza ao ambiente, aínda que o cambio de actitude sexa un desafío
- Proliferación de actividades de Educación Ambiental cada vez máis críticas
- Percíbese que hai maior flexibilidade, liberdade, amplitude e diversidade de ferramentas por ser para máis alá da escola
- Diversas empresas e institucións públicas para a promover a Educación Ambiental interna e externamente. Deuse tamén un aumento do espazo para as cuestións ambientais nos diferentes medios de comunicación

Dificultades apuntadas a partires das experiencias presentadas

- Falta de apoio institucional para os educadores ambientais. As accións son feitas moitas das veces por vontade e compromiso propio. Pouco recoñecemento e valoriza-

ción profesional e social do educador/a ambiental

- Ausencia de continuidade de políticas públicas, dos programas, dos proxectos e das accións cando se cambia a xestión das institucións, sendo moitas veces puntuais e limitadas no tempo
- Déficit ou dificultade de comunicación entre as entidades, os sectores, os profesionais da área. Hai tamén problemas para identificar e lexitimar todas as instancias da Educación Ambiental e as súas accións
- Dificultade para envolver e traer ao cidadán común para os espazos colectivos de Educación Ambiental.
- Falta de converxencia na definición de conceptos básicos ou da base conceptual común nunha mesma institución
- Moitas veces o sistema formal de ensino non recoñece a Educación Ambiental non formal, que en xeral non atribúe diplomas ou certificacións a quen participa das accións
- Complicación de establecemento de obxectivos e de criterios de avaliación dos impactos da acción ou proceso. É necesario definir claramente os obxectivos para a avaliación posterior
- Hai diversas institucións que realizan accións de Educación Ambiental soamente como márketing

Indicacións e recomendacións

- *Colaboracións para identificar ou mapear os actores e accións de Educación Ambiental nos países. Apoio mutuo para a identificación de plataformas ou medios que posibiliten esa identificación como, por exemplo, o CENEAM (España-www.mma.es/ceneam), a Plataforma de Educación para o Desenvolvemento Sostible (Portugal), ou SIBEA (Brasil -www.mma.gov.br/sibea) e outros exemplos nos demais países*
- *Colaboracións para a creación de espazos co obxectivo de intercambio e posta en relevo das diferentes experiencias, como promover o intercambio de información e fortalecemento mutuo das accións*
- *Buscar nos países os documentos de referencias da Educación Ambiental para que sexan base referencial das súas accións. Importancia da transformación histórica das accións ambientais*



Redes e Asociacións de Educación Ambiental



Considerouse ao Congreso como un bo momento para compartir o xeito en como cada país participante percibe e constrúe a organización dos seus colectivos de educadores ambientais e asociacións de Educación Ambiental. Iniciáronse os traballos dialogando sobre aspectos para a organización de redes.

A estrutura piramidal na que vivimos é un factor de complicación onde hai niveis e filtros diferenciados para o acceso á información, e difire da estrutura esperada para as redes, onde non hai centro definido, o centro da rede transportase, non hai comando, hai mobilidade, non habendo centro, non hai periferia.

As redes son autónomas, unha reunión de persoas en torno dun proxecto común e compartido.

A base dunha rede son as relacións, as conexións, a rede mantense viva na medida de que esas conexións son preservadas. Para ga-

rantir a existencia desas conexións, é necesario comunicarse, manter o diálogo.

A rede lusófona nace nun momento privilexiado, onde a comunicación é facilitada pola tecnoloxía, Internet e os seus recursos. Pero non nos debemos habituar a esas "conexións electrónicas", é necesario buscar outras formas de comunicación que garantan a ampla participación. Estar incluído na rede e facer parte das conexións, respectadas e exploradas todas as posibilidades de comunicación.

O referencial para as redes de Educación Ambiental no Brasil é o tratado de Educación Ambiental, que crea unha identidade para as redes, baseada en principios como a responsabilidade social, a horizontalidade, a autonomía, o pluralismo.

A experiencia da REBEA – Rede Brasileira de Educación Ambiental – é considerada exitosa, onde nun exercicio de xenerosidade, a comunicación mantense, as conexións persisten.

Visualizadas as especificidades e os temas, o obxectivo común das redes debe ser respectado. É necesario fortalecer a acción individual para fortalecer o grupo, a través da asociación dos individuos en rede, fortalecer a acción colectiva. Para enfrentar grandes desafíos é necesario a asociación das forzas e de todas as súas formas posibles.

As expectativas en relación ás redes foron discutidas, ben como a medida en que os principios que deben orientar ás redes, non só os seus desafíos, a busca de coherencias, da felicidade e do respecto en relación á rede e ao outro.

Desafíos

Os participantes de Portugal identificaron como un dos desafíos que debemos enfrentar a descoordinación entre os distintos proxectos e



accións. A inexistencia dunha rede articulada causa un desperdicio de enerxía na medida en que as persoas gastan tempo realizando a mesma tarefa, traballando de costas unhas para as outras.

Resolver a ausencia de momentos presenciais que separen a rede do espazo virtual e exercite outras formas de comunicación e a discontinuidade causada pola ausencia de personificación, outros problemas foran apuntados non só por Portugal, e tamén polos integrantes de Galicia, que consideran importante que esa personificación atenda á necesidade dunha organización mínima necesaria para o funcionamento da rede.

Na experiencia brasileira a creación de redes mudou a práctica invertida, onde as redes eran formadas a partir dun acto de creación e non por un proceso espontáneo, dinámico e por afinidades. Esa forma de xurdir de redes non espontáneas fan que persoas inicialmente interesadas, non exerciten o diálogo, dase un enfriamento das relacións e, consecuentemente, a perda das conexións.

Problemas comúns a todos os países son a necesidade de regatear a falta de comunicación, promover a solidariedade e non a competición, e principalmente as dificultades de aproveitar o coñecemento, os saberes do colectivo na construción das accións.

Puntos fortes

Os aspectos positivos da construción solidaria de redes e asociacións de educadores ambientais na comunidade lusogalaica, considerando a realidade presentada, contemplan a posibilidade de participación de organizacións e de persoas, nun espazo aberto e democrático.

Os participantes de asociacións e redes son motivados por paixóns, por ideais, por intereses compartidos co grupo.

A posibilidade de intercambio de coñecemento e a capilaridade son potenciais valorizados.



Recomendacións

- *Fortalecemento e difusión da Rede Lusófona de Educación Ambiental*
- *Diagnose das diferentes formas de organización de educadores ambientais nos países lusófonos e Galicia*
- *Intercambios de estratexias de sustentabilidade financeira*
- *Discusión e difusión dos principios e conceptos da cultura de redes*
- *Promoción de momentos presenciais que posibiliten o fortalecemento das conexións e exploren formas de comunicación diversas*
- *Buscar a transversalidade de temas e áreas afíns á Educación Ambiental*
- *Pactar visións da Educación Ambiental*



A xuventude, que entre as súas especiais características ten uns ritmos e redes propias, é tamén un sector social que lidera algúns dos movementos ligados á promoción e o desenvolvemento da Educación Ambiental (EA) polo que contou cun espazo propio dentro do Congreso, como evento integrado, con certa programación autónoma e da que saíu unha axenda tamén diferenciada de prioridades, propostas e recomendacións.

Aspectos metodolóxicos

O Encontro Lusófono da Xuventude polo Medio Ambiente foi construído a partir dalgunhas premisas relevantes para o traballo na área de xuventude. O primeiro deles foi a percepción de que a xente nova atópase dentro do conxunto dos educadores ambientais participantes do Congreso e deste xeito estimulouse a interrelación entre a xuventude e o Congreso, dialogando baixo o principio “unha xeración aprende con outra”. Ao mesmo tempo, procurouse adoptar outro principio importante e relativo á necesidade dos máis novos como é ter os seus momentos propios de diálogos, intercambio de experiencias e

discusións. É importante resaltar que este principio, chamado “xove educa a xove”, non diverxe do anterior, e que propicia condicións máis favorables a un diálogo máis franco, aberto e entre semellantes.

Polo tanto, o Programa do Encontro da Xuventude foi desenvolvido a partir de dous eixos principais:

- Inserción de momentos na programación abertos a todos/as participantes coa temática “Xuventude e Medio Ambiente”. Exemplo: Roda da Xuventude, que a pesar de estar aberta a todos, acabou reunindo ao público máis novo.
- Inserción de áreas dentro da programación exclusivos ás Xuventudes: diversas reunións e momentos de diálogos e construción colectiva.

Estaban propostos algúns temas para orientar os debates á luz das realidades de cada país. Os temas eran os seguintes:

Educación Ambiental

Cal é a situación da EA en cada país, en termos de institucionalización, políticas públicas, participación e control social, envolvimento das xuventudes, financiamento, etc.

Raza, Etnia e Xénero

Visión sobre os valores étnicos, raciais e de xénero tendo como punto de partida o autocoñecemento persoal e social dos xoves no proceso de elaboración da proposta de intervención socio-comunitaria, respectando a súa diversidade con vistas a discutir a singularidade e pluralidade para a valorización cultural local e entendemento de contexto.

Economía Solidaria

A organización de Grupos, Consellos da Xuventude e Redes de





“Xuventudes” son prácticas asociativas, polo tanto, a pedagogía do constructivismo tórnase un camiño importante para pór prioridades e para o fortalecemento de redes posibles que busquen a emancipación económica do contexto local baseado no comercio xusto e na economía solidaria, dando crédito aos activos socioambientais e económicos.

Políticas Públicas de/para/ coa Xuventude

Ampliar o entendemento sobre o tema visando fortalecer os procesos de implantación e avaliación de políticas de Xuventude e EA nos países.

Educomunicación

Ferramenta usada para a integración, divulgación e comprensión para o fortalecemento de lazos e promoción de encontros de ideais a ser compartidos con diversos contextos da mocidade.

Infelizmente, debido ao factor tempo, estes temas non foron discutidos amplamente e os debates foron concentrados en dúas dimensións:

- a. Integración entre os participantes
- b. Construción de propostas da Xuventude Lusófona polo Medio Ambiente. A relación das proposicións está no ítem “Propostas” ao final deste documento.

Estableceuse ao longo das discusións que había dous obxectivos para o Encontro, e consecuentemente, para a articulación lusófona da xuventude polo medio ambiente que se estaba iniciando:

- **Intercambio** de experiencias, informacións, contactos, materiais, etc.

- Potenciar as **accións de xuventude** xa realizadas nos nosos países

A partir do establecemento destes dous obxectivos, iniciouse o mapeamento de puntos e temas para o debate. Por medio da técnica de “chuvia de ideas” foron identificados diversos puntos para o debate e, en función do tempo dispoñible, foi necesario priorizar algúns. Os temas priorizados foron:

- **Organización** e Xestión do Grupo.

- Cooperación CPLP–**Salas Verdes**.

- **Rede** / Intercambio.

- Web e **Listaxe de distribución de correo electrónico**.

Despois, deuse inicio ás discusións punto a punto, a partir da roda de opinións, diálogos e toma de decisións, buscando sempre o consenso.

Propostas

- **Puntos focais da Xuventude** por país participante, como facilitadores dentro da Rede Lusófona (e na Comisión Dinamizadora Local e Internacional).

- **Participación aberta** de persoas, organizacións, etc. na Rede.

- Busca de **colaboradores** para divulgar os propósitos do “movemento”.

- Crear unha sección de Xuventude na páxina web da asociación **NE-REA-Investiga**.

- Crear unha **lista de comunicación** para dinamizar o intercambio entre as xuventudes dos países
- Dialogar e divulgar a proposta do Manifesto e do Tratado de EA
- Inserir tema "Xuventude" no mapeamento do **Estado da Arte da EA** en cada país
- Participación da xuventude en compañía con ONG na representación da "Sociedade Civil" no Proxecto **Salas Verdes** (CPLP)

Propostas para o II Congreso Internacional de EA dos Países Lusófonos e Galicia

- Continuidade da participación da Xuventude por medio da realización do **II Encontro Lusófono da Xuventude polo Medio Ambiente**
- Inserción de temas e momentos relacionados coa Xuventude no Programa Oficial do Congreso

Recomendacións para o próximo encontro da xuventude

- *Máis alá das dúas propostas presentadas para o II Congreso Internacional de EA dos Países Lusófonos e Galicia, hai que engadir que é fundamental a presenza de todos os facilitadores (un por país) da xuventude no II Encontro, como forma de dar continuidade ás discusións e fortalecer a articulación iniciada. Ademais, é importante que unha ou dúas persoas (novas) asuman o papel de facilitador (e non coordinadores) do Encontro como un todo (antes, durante e despois do mesmo), promovendo as discusións, mediando os debates, sistematizando as propostas, etc.*



Puntos Focais

O I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia, a través do Comité Organizador, recoñeceu a emerxente necesidade de crear estratexias capaces de dar visibilidade ás accións de Educación Ambiental que ocorren nos Países de Lingua Portuguesa e Galicia.

Como resultado da preparación do Congreso identificouse, nos países lusófonos, a persoas destacadas que traballasen en organizacións gobernamentais, non gobernamentais e da sociedade civil que actúa no campo ambiental para crear un equipo de persoas como "Puntos Focais".

Os Puntos Focais determinaron que tralo esforzo do Congreso, o óptimo

sería dar continuidade e estabilidade ao seu traballo máis alá do propio Congreso. A modo de conclusións, determinaron o seguinte respecto a súa función, obxectivos e continuidade da súa labor en rede:

O principal obxectivo dos Puntos Focais será o dar visibilidade:

- Aos programas e ás estratexias de formación, sensibilización, comunicación e divulgación ambiental realizadas en cada país, tanto a nivel institucional como tamén polas organizacións da sociedade civil;
- As políticas públicas nacionais de Educación Ambiental
- A produción científica que ven sendo desenvolvida nestes países



- As principais publicacións no eido da Educación Ambiental de cada un dos países así como dos eventos relevantes (seminarios, xornadas, congresos, etc.)
- Outros aspectos identificados a partir da análise da realidade de cada un dos países

Son obxectivos específicos:

- Promover un espazo de debate entre as persoas que compoñen a comunidade lusófona para intercambiar experiencias e coñecementos sobre o conxunto do "Estado da Arte" da Educación Ambiental
- Facilitar a divulgación dos resultados do I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia
- Realizar unha identificación de colectivos, organizacións e institucións públicas e privadas que estean en relación coa Educación Ambiental
- Propor estratexias nacionais de cooperación internacional
- Construír un foro permanente de difusión e actualización do "Estado da Arte" da Educación Ambiental nos Países Lusófonos considerando os inicios, a actualidade e o futuro

A actuación dos Puntos Focais incide nos ámbitos de coñecer, comunicar, interaccionar e cooperar.

Os Puntos Focais definiron como estratexias de facilitación as seguintes propostas:

- Creación dunha Comisión Operativa local e internacional As súas funcións serán dinamizar a coordinación do movemento (propon proxectos, buscar financiamento, ocuparse da divulgación, producir materiais, circular información, etc.) no espacio local e tamén no internacional
- Fortalecemento da organización da comunidade lusófona na rede. A organización en rede é descentralizada, sen xerarquías e emanada da sociedade civil. Esta, esixe, en tanto, responsabilidade e participación de cada un dos seus membros. A efectos administrativos designaranse facilitadores periódicamente, que terán algunhas tarefas de articulación política e tomas de decisión máis inmediatas
- Identidade Lusófona na EA Construír colectivamente un documento que asuma o compromiso ético e político da Educación Ambiental con base nos propios valores definidos en documentos tales como: Tratado de EA para Sociedades Sustentables e Responsabilidade Global, Carta da Terra, e outros identificados ou por identificar

Recursos para a consecución dos obxectivos:

- Cooperación e intercambio entre os países lusófonos
- Estimular a cooperación técnica, apoio a través de accións de formación e de intercambio de materiais entre os gobernos e institucións dos países lusófonos

Espacios de comunicación virtual

Idealmente, a comunidade lusófona debería ter unha plataforma virtual en Internet con identidade propia, considerándose a necesidade operativa de buscar recursos a nivel de institucións nacionais ou de cooperación internacional. Propostas de contidos para esta plataforma:

- Presentación dos PF (puntos focais) – enviar fotos, currículo e outras informacións biográficas -
- Librería de enlaces de referencias dos grupos, organizacións, redes, países, que integran os puntos focais
- Enlazar a documentos electrónicos de referencia, como os compromisos mundiais (Carta da Terra, Axenda 21, Tratado de Educación Ambiental, Obxectivos do Milenio, etc.)
- Destacar os resumos de proxectos construídos no ámbito da lusofonía que acaden dimensións operativas
- Construír os boletíns informativos.
- Abrir unha sección de poética lusófona (autores coñecidos e dos propios membros)

De xeito alternativo ou suplementario deberíase de estimular a participación de toda a comunidade lusófona que actúa no eido educativo-ambiental en Listas de discusión xeral e temáticas, como a Rede Lusófona de Educación Ambiental: O obxectivo máis amplo desta rede, creada en 2005 con forma de lista de correo electrónico, é construír as identidades individuais e colectivas da lusofonía en Educación Ambiental.

Accións previstas

a) Determinación do Estado da Arte da Educación Ambiental

- Avaliar o Estado da Arte da Educación Ambiental nos nove países, creando unha base de datos xigante sobre a situación nos diversos organismos existentes en todos os países nos seguintes sectores:
- Centros de ensino non universitarios
- Universidades e centros universitarios
- Gobernos (locais, rexionais e estatais)
- Entidades privadas
- ONG
- Movemento e Redes Sociais
- Sociedade Civil

Elixir unha comisión que avalíe o Estado da Arte, por sectores, que posibilite o “retrato” en cada momento da situación. Construír un proxecto que poida publicar este Estado da Arte como documento referencial da Rede Lusófona de Educación Ambiental (REDELUSO).

b) Programas en Educación Ambiental

Apoiar programas de Educación Ambiental de tipo investigador, formador, comunicador ou de calquera outra forma de diálogo que poida promover a cooperación local e internacional no amplo escenario da cultura expresada en lingua portuguesa no eido da Educación Ambiental, como por exemplo os que foron identificados no ámbito do Congreso:


- Proxecto de Educación Ambiental da CPLP.
- Proxecto: Os Impactos do Turismo no Desenvolvemento Comunitario en África. Análise de experiencias insulares
- Proxecto Festival Lusófono de Educación Ambiental e Arte (FLERTE)
- Conferencia Internacional Infanto-Xuvenil de Ambiente.



Apoios e colaboracións



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Relacións Exteriores
Dirección Xeral de Cooperación Exterior



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

